

## O Curso de Certificado de Deseño en PermaCultura

está recoñecido en todo o mundo e consiste en 72 horas mínimas de ensinanza + práctica en deseño, que cubren os fundamentos da PermaCultura. Só pode ser certificado por os Diplomados recoñecidos por a Academia Internacional de PermaCultura.

**5 módulos de venres, sabado e domingo**

<b>MÓDULO 1: Cuidar á Xente</b> <b>14, 15 e 16 de Agosto</b>
<b>MÓDULO 2: Técnicas de Deseño</b> <b>17, 18 e 19 de Agosto</b>
<b>MÓDULO 3: Cuidar á Terra</b> <b>20, 21 e 22 de Agosto</b>
<b>MÓDULO 4: Eco-tecnoloxía-Bioconstrucción</b> <b>24, 25 e 26 de Agosto</b>
<b>MÓDULO 5: Eco-economía e Compartir</b> <b>27, 28 e 29 de Agosto</b>

**Cada Cursillo/Módulo** de 3 días ten a súa certificación como cursillo/módulo independente. Os 5 módulos completos (90 horas), dan dereito ao Certificado de Deseño de PermaCultura homologado por a:

**ACADEMIA DE PERMACULTURA**



NODO ESPIRAL ESPAÑA

[www.geocities.com/reddepermacultura](http://www.geocities.com/reddepermacultura)

O curso está indicado para persoas de todas as idades, técnicos que traballan en axendas 21 locais, agricultores e gandeiros ecolóxicos, estudantes, técnicos e traballadores agrícolas e forestais; amais de persoas que estean a desenvolver actividades sostibeis: granxas, hortas, turismo rural, asociacións, colectivos...  
As dimensións do curso, deben de ofrecer @s participantes respostas e alternativas, coa aplicación dos principios de PermaCultura, para a produción de alimentos, a xestión do hábitat e o deseño da economía e da vida comunitaria.

### CUSTO DO CURSO:

>>>>> Inversión na túa Formación e <<<<<<  
>>>>> apoio á Rede de PermaCultura <<<<<<

**MÓDULO** (3 días): **200€ / 150€(\*)**

**CURSO** (5 módulos/15 días): **750€ / 675€(\*)**

Desconto do 10% por cada amig@ que apuntes

(\*) Se pagas a totalidade, antes de 15 días da celebración do módulo ou do curso.

Para becas e trocos, consúlta connosco.

#### O custo cubre:

CLASES TEÓRICAS E PRÁCTICAS,  
MATERIAL DE APOIO, SEGURO DE  
ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL  
E CERTIFICADO DE ASISTENCIA.

**Aloxamento:** habilitarase zona de acampada. Necesario traer tenda.

**Manutención:** As Chozas ofrece a manutención por 10 € día. Inclúe almorzo, comida e cea vexetarianos. Podese pagar a manutención como troco por traballo de biconstrucción antes o despois do curso. Consultar a organización

### Información e inscricións:

[trebelho14@yahoo.es](mailto:trebelho14@yahoo.es)

**661466690**

**Prazas limitadas**

## CURSO de certificado de DESEÑO en PERMACULTURA en GALICIA

**13-28 Agosto de 2007**



## PERMACULTURA


Cultura Permanente - Deseño de asentamentos humanos sostibeis

O curso terá lugar no  
**Lugar de AS CHOZAS**

Concello de A LAMA  
**PONTEVEDRA**

## ¿Que é o Desenvolvemento Sostíbel?

"É o que da satisfeito as necesidades presentes sen afectar a capacidade de futuras xeracións para dar satisfeito as súas propias necesidades".  
(Nacións Unidas, Comisión Brundtland)



## ¿Que é a PermaCultura?

¿Desenvolvemento ou Cultura?  
Sostíbel = Permanente

PermaCultura = Cultura Permanente  
A Axenda 21 local é a teoría,  
a PermaCultura é a práctica

O Deseño de PermaCultura é o conxunto de coñecementos, filosofías e técnicas (ancestrais e modernos), para chegaren a construír una Cultura Permanente.

Re-deseñamos a produción de alimentos, a vivenda, a tecnoloxía, o proceso de desenvolvemento comunitario, os sistemas legais e financeiros para conseguir os obxectivos do Desenvolvemento Sostíbel.

## PROGRAMA

- **13: BENVIDA**
- **14, 15 e 16: CUIDAR Á XENTE**
  - **Principios e Directrices:** Aprendizaxe Activa, Estructuras de Apoio, O Proceso Científico, Modelos e a Mente Humana, Patróns, o traballo de S. Covey e E. de Bono.
  - **Deseño da DestructoCultura:** Globalización, Economía e 'Desenvolvemento', Leis da Natureza, Ishmael, Dinámica Espiral, Teoría de Gaia, Comercialización da Espiritualidade e 'Ecoloxía Profunda', Saúde.
  - **Sostibilidade ¿Que é?:** Deseñar Procesos e Grupos Efectivos, Técnicas de Facilitación, Axenda Local 21, Pobos Orixinarios.
- **17, 18 e 19: TÉCNICAS DE DESEÑO**
  - **Principios:** Motivación do Deseño, Erros, Establecemento e Mantenemento de Sistemas, Aplicación de Principios.
  - **Técnicas de Observación e de Organizar Información:** Seren Deseñador, Principios de Gremios, Zonas, Sectores.
  - **Técnicas de Deseño e Avaliación;** Bosques Comestibles; Visionar, Deseños en Pequena e Gran Escala; Mapas.
- **20, 21 e 22: CUIDAR Á TERRA**
  - **Solo:** Topografía, Movementos de Terra, Desertización, Sucesión Natural, Saúde do solo, Cultivo Sinérxico, Ciclos Vitais (Oxíxeno, Carbono, Nitróxeno, Etileno etc.)
  - **Auga:** o Ciclo Hidrolóxico, Conservación e Almacenamento, Reciclaxe de Augas, Acuicultura, Deseños Prácticos.
  - **Plantas e Animais:** Bosques, Efectos Climáticos, Agroforestería, Granxas Sostíbeis, Especies Autóctonas e Locais, Práctica da Conservación do Patrimonio Xenético, Importancia da Selva.
- **24, 25 e 26: ECO-TECNOLOXÍA E BIOCONSTRUCCIÓN**
  - **Recursos:** Xerarquía de Recursos, Residuos, Reciclaxe, Compost, Recursos Sociais, Innovación.
  - **Enerxía:** Leis de Termodinámica, Enerxía Renovable, Tecnoloxía Apropriada, Solar, Enerxía en Materia e EMERGY.
  - **Bio-Construcción:** Varios Tipos, Exemplos, Principios, EarthShips, Control de Temperatura, Lexislación.
- **27, 28 e 29: ECO-ECONOMÍA**
  - **Economía:** Moeda Verde, Troco, Recursos Locais, Cooperativas, Sustento Xusto, Economías en Transición.
  - **Proxectos Sostíbeis:** Crear e Manexar Micro-Empresas, Proxectos Sociais, Financiación Ética e Sostíbel.
  - **Ecoaldeas:** Comunidades, Redes Efectivas, Organización Biorexional, Nacións e Culturas, Sostibilidade Local e Global.

O programa adaptarase ás peculiaridades de Galicia e da Bio-rexión Galaico Portuguesa.

## DESCRIPCIÓN DO LUGAR

O lugar de As Chozas atópase a 25 Km. Da cidade de Pontevedra, no concello de A Lama. As Chozas é un proxecto de ecoaldea formado por 14 persoas. Despois de moito buscar un lugar no que levar a cabo a nosa idea de vivir no rural de xeito sustentable dimos con esta pequena aldea onde adquirimos varias construcións en pedra e mais de dúas hectáreas de bosque autóctono, prados e horta. Actualmente o proxecto atópase en plena fase de construción sendo un banco de probas de deseño permacultural así como de técnicas de bioconstrucción e outras técnicas sustentables. Agora mesmo se dispón de unha casa practicamente rematada que servirá como aula e estamos acondicionando os servizos necesarios para aloxar ós participantes do curso; cociña, duchas... Non dispomos aínda de lugar para aloxamento polo que se habilitará unha zona de acampada.



O concello de A Lama é un dos máis montañosos da provincia de Pontevedra. Se caracteriza sobre todo pola rede fluvial formada polos ríos Verduxo e Xestas que atravesan o territorio conformando os seus vales e formando bosques de ribeira salpicados con multitude de pozas.